



ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR LICENCIA DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS OU REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS DE CONTROL NOS SUPOSTOS NOS QUE A ESIXENCIA DE LICENCIA FORA SUBSTITUÍDA POLA PRESENTACIÓN DE DECLARACIÓN RESPONSABLE OU COMUNICACIÓN PREVIA

ARTIGO 1.—NATUREZA E FUNDAMENTO

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 ao 19 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, o Concello de Redondela establece a taxa por outorgamento das licencias de apertura de establecementos ou realización das actividades administrativas de control nos supostos nos que a esixencia de licencia fora substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa, a que se refire o artigo 20.4.i), que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 da citada norma.

ARTIGO 2.—FEITO IMPOÑIBLE

1. Constitúe o feito impoñible da presenta Taxa o desenvolvemento da actividade administrativa e/ou técnica de comprobación, verificación e control, ca finalidade de examinar si o establecemento a través do que se exerce unha actividade de servizos cumpre cas esixencias previstas na normativa vixente (urbanística, medioambiental ou calquera outras esixidas polas normas de instalación, de apertura, ocupación ou funcionamento). Así mesmo, terá a consideración de feito impoñible da presente Taxa as modificacións no establecemento ou no exercicio da actividade inicial.

2. Estarán suxeitos a esta taxa todos os supostos nos que resulte obrigatoria a solicitude e obtención de licencia, ou no seu caso, a realización da actividade de verificación ou control posterior do cumprimento dos requisitos establecidos na lexislación sectorial cando se trate de actividades suxeitas a declaración responsable ou comunicación previa e, entre outros, os seguintes:

- a) A instalación por vez primeira do establecemento para dar comezo as súas actividades.
- b) A variación ou ampliación da actividade desenrolada no establecemento, aínda que continúe o mesmo titular.
- c) A ampliación do establecemento e calquera alteración que se leve a cabo neste e que afecte ás condicións sinaladas no número 1 deste artigo, esixindo nova verificación das mesmas.
- d) As transmisións intervivos que non sexan de pais a fillos e entre cónxuxes.



3. Aos efectos da presente Ordenanza se entende por establecemento calquera infraestrutura, edificación, instalación ou recinto cuberto ou ao aire libre, estea ou non aberto ao público, ou como complemento ou accesorio doutro establecemento ou actividade principal, destinado habitual ou temporalmente ao exercicio de actividades industriais, comerciais, profesionais, de servizos, espectáculos públicos ou actividades recreativas por conta propia.

ARTIGO 3.—SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria titulares ou responsables da actividade e/ou instalación que se pretende exercer e que fundamente a actividade de comprobación, verificación ou control exercida pola Administración municipal como consecuencia do outorgamento dunha licenza, da presentación dunha declaración responsable ou dunha comunicación previa.

ARTIGO 4.—RESPONSABLES

1. Son responsables tributarios as persoas físicas e xurídicas determinadas como tales na Lei Xeral Tributaria e no resto da normativa aplicable.
2. A derivación de responsabilidade requirirá que, previa audiencia do interesado, se dicte acto administrativo, nos termos previstos na Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5.—BASE IMPOÑIBLE

Constitúe a base imponible desta taxa:

1. A cota do Imposto sobre actividades económicas.
2. Se por aplicación do procedemento previsto no apartado anterior non fose posible determina la base imponible considerárase como tal a renda anual que corresponda ao establecemento, cuxa determinación farase observando as seguintes regras:
 - a) Cando o suxeito pasivo sexa propietario, usufructuario ou titular dunha concesión administrativa sobre o establecemento, a renda anual será a que resulte de aplicar o tipo de xuro legal do Banco de España ao valor catastral que dito establecemento teña sinalado no Imposto sobre bens inmoables.
 - b) Nos demais casos, a renda anual será a que se satisfaga por cada establecemento, por razón de contrato de aluguer, realuguer, cesión ou calquera outro título que ampare a súa ocupación, con inclusión dos incrementos e cantidades asimiladas á renda no seu caso. Si no contrato apareceran pactadas diferentes rendas para períodos distintos, tomarase como base a maior, aínda que corresponda a períodos anteriores ou posteriores á solicitude da licenza anterior, tomarase como base imponible esta última.
 - c) Cando nun mesmo local existan, sen discriminación no título de ocupación do mesmo, espazos destinados a vivenda e a establecementos suxeito á taxa,



a base deste último será a que proporcionalmente a súa superficie lle corresponda no importe total da renda anual que, conforme ás regras precedentes, se impute a dito local.

d) Cando se trate da ampliación do establecemento, a base imponible será a renda anual que corresponda á superficie en que se ampliou o local calculada con arranxo ao previsto nas regras anteriores.

ARTIGO 6.—COTA TRIBUTARIA

A cota desta taxa será a que figura no anexo desta ordenanza.

ARTIGO 7.—EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

Non se concederá exención nin bonificación algunha na exacción da taxa.

ARTIGO 8.—DEVENGO

1. Devengase a taxa e nace a obriga de contribuír, cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito imponible. A estes efectos, entenderase iniciada dita actividade na data de presentación da oportuna solicitude da licenza de apertura, da presentación dunha declaración responsable ou dunha comunicación previa, si o suxeito pasivo formulase expresamente esta.

2. Cando a apertura tivera lugar sen obter a oportuna licenza, declaración ou comunicación a taxa devengase cando se inicie efectivamente a actividade municipal conducente a determinar si o establecemento reúne ou non as condicións esixibles, con independencia de iniciación de expediente sancionador por infracción tributaria.

3. Nos casos de renuncia ou desistimento con anterioridade á concesión da licenza, procederá a devolución de 50% da cota ingresada, sempre que se iniciase o expediente de tramitación da mesma.

4. No caso de denegación da licenza procederá a devolución do 25% da cota ingresada.

5. Con posterioridade á concesión da licenza, a obriga de contribuír non se verá afectada en modo algún pola renuncia ou desistimento do interesado.

ARTIGO 9.—DECLARACIÓN

1. As persoas interesadas na apertura dun establecemento industrial ou mercantil presentaran previamente, no Rexistro Xeral, a oportuna solicitude con especificación de actividade ou actividades a desenrolar no local, acompañada da alta no censo fiscal da actividade correspondente, do contrato de aluguer ou título de adquisición do local, indicando neste último caso se o local non tivera valor catastral, o prezo de adquisición ou o custe de construción do mesmo no seu caso.



2. Si despois de formulada a solicitude de licencia de apertura se variase ou ampliase a actividade a desenrolar no establecemento, ou se alterasen as condicións haberán de poñerse en coñecemento da Administración Municipal co mesmo detalle e alcance que se esixen na declaración prevista o número anterior.

ARTIGO 10.—LIQUIDACIÓN E INGRESO

1. A taxa esixirase en réxime de autoliquidación, acreditando o ingreso correspondente no momento de presentar a correspondente solicitude, declaración ou comunicación.

2. Unha vez adoptada a resolución que proceda e, realizadas pola Administración as comprobacións oportunas, practicarase a liquidación definitiva que se lle notificará ao interesado reclamando ou devolvendo a cantidade que proceda.

ARTIGO 11. - INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, e comezará a aplicarse a partir do día seguinte a súa publicación, permanecendo en vigor ate a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO

Tarifa:

1. Apertura: 324,28 por 100 da base imponible.
2. Traspasos: 31,74 por 100 da base imponible.
3. Cota mínima:
 - 3.1. Actividades non clasificadas: 21,16 euros.
 - 3.2. Actividades clasificadas: 42,32 euros.
4. Furanchos (por cada tempada de apertura): 45 €/quincena de apertura.

No suposto de que o período de apertura real fora inferior ao solicitado procederase á devolución do importe correspondente en función do número de quincenas en que efectivamente permanecerá aberto.



CONCELLO DE REDONDELA

Esta ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra, e comezará a aplicarse a partir do día seguinte a súa publicación, permanecendo en vigor ate a súa modificación ou derogación expresa.

Contra a aprobación definitiva desta ordenanza únicamente poderá interperse recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses dende a publicación da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.

Publicacións Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra:

- BOP do 27/12/1989
- BOP número 86 do 03/05/1996
- BOP número 245 do 26/12/2000
- BOP número 241 do 15/12/2003
- BOP número 247 do 27/12/2005
- BOP numero 201 do 18/10/2012
- BOP número 119 do 21/06/2013